



AS TRES PALABRAS


Eu teño que escoller tres palabras, non é fácil, porque hai moitas que para min o significan todo, pero as que máis me agradan son: soñar, deportes e familia.

Soñar non é unha palabra que precisamente soe ben, pero... encántame, soño a través dos libros, fágoo tamén cando estou vendo unha película e me meto moito nas escenas, nos meus momentos libres. Cando estou cansa, séntome no sofá do salón e quedo pampa pensando cousas imposibles, que só poden gozar delas cando lle boto un pouco de imaxinación... Ás veces ata invento nos meus soños lugares moi fermosos que só eu coñezo, aos que levo ás persoas que na miña vida son importantes.

Deportes é a segunda palabra que escollín, non me suxire vibracións das fortes, pero non imaxino o noso mundo sen balóns para o fútbol, sen raquetas para o tenis... Non me gusta a palabriña só por iso, senón porque, ¿en que pasaríamos o tempo libre se non existisen esas actividades? Producen afección... sensacións moi fermosas que só os deportistas experimentan. É unha experiencia moi boa ser bo en algo, que te coñezan por esa faceta tan túa... Converterase nun soño!

A miña última palabra é familia, é a miña xente, a que leva o meu sangue, esas persoas polas que eu o deixaría todo... Non só elas, tamén os meus compañeiros, os da clase e os que non o son, con eles paso bos e malos momentos, algúns que mesmo recordarei sempre. Dáme mágoa pensar que algún día isto se vai rematar, xa non poderei soñar cos libros, nin facer deporte nin sequera pasar momentos dos bos coa miña xente. ¡Oxalá isto nunca acabase!

GLORIA CORRAL CEA, S3A




Eu penso que cunha soa palabra non se pode definir un sentimento moi significativo para unha persoa; pero se a min me piden tres palabras, a primeira sería morriña, que é unha palabra que expresa un gran sentimento para min, xa que se tivera que marchar da miña terra, sentiría a morriña moi dentro do meu corazón. Tamén me gusta a forma da palabra, xa que ao escoitala sinto un calafrío, é como se me acollera e me dera agarimo.

A segunda palabra sería lúa, xa que eu dende pequeniña teño un gran desexo, un soño, que subo ao espazo e que vou polo medio das estrelas. Que chego á lúa e que me gusta tanto que me quedo alí a vivir con toda



AS TRES PALABRAS



a miña familia e os meus amigos. Gústame tanto esa palabra que quero conseguir que o meu desexo non sexa un soño, e por iso teño que loitar moito.

Aínda que teño outras moitas palabras coas que eu me identifico, esta última é a que máis me gusta, porque a min non me importaría cambiar a miña vida pola súa, a palabra é golfinho, porque vive ceibe polo mar, non ten normas. Gustaríame ser coma el pola axilidade que ten e pola súa velocidade, o seu salto impecable... Tamén me gusta polo espazo que deixa cando salta e se perde polo mar. Outra cousa que me gusta é a forma desta palabra, coma a de morriña, xa que a súa terminación é preciosa.

INÉS ROCA AGRA, S3A

Pídenme que escriba tres palabras que signifiquen algo na miña vida. Co cento de palabras que hai no dicionario, soamente me piden tres, nin máis nin menos, só tres. A verdade é que hai moitas, pero as miñas son: amigos, mar e infancia.

Amigos é unha palabra moi importante, xa que son moi importantes para min. Teño moitos, pero de verdade, de verdade uns poucos. Quéroos moito e sonme de moita axuda nos momentos importantes. Aí é cando se sabe cantos tes de verdade. O meu irmán considéroo como o meu mellor amigo, porque podo contarlle todo e confiar nel. Sempre me axuda, aínda que ás veces tamén nos pelexamos.

Infancia tamén é moi importante, xa que dela teño moitos recordos. Sobre todo cando ía empezar a escola, cando coñecín moitos rapaces e estiveron con eles dende

os tres ata os once anos. Nunca me esqueceréi deles, porque foron moitos anos xuntos. Boto moito de menos aqueles tempos, porque daquela era máis inocente e non me preocupaba por nada. Con cinco ou seis anos, ¿de que me ía preocupar? Como quen di tiña todo feito.

A miña última palabra é mar. Identifícome moito con el, xa que sempre está tranquilo, e de repenteponse revoltado, logo calma. Eu son así, se de repente me enfado, logo me calmo. Tamén porque o azul é a miña cor preferida. Outra razón, gústame moito ir á praia, bañarme e navegar nun barco. Sempre soñei con comprar un e viaxar a unha illa e quedar alí unha tempada, relaxada e tranquila.

¡Estas son as palabras máis importantes da miña vida!

NOELIA VARELA PUGA, S3A